

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)  
CELEBRADA O DÍA 25/06/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

- DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
- D. ARGIMIRO SERÉN MERA
- DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
- D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
- DONA SONIA OUTÓN CASAL
- D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
- D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
- DONA ALBA BRIONES GAMARRA
- D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
- DONA MATILDE LAYA LORENZO
- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
- D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
- DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
- D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

- DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/06/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores de datas 28 de maio e 15 de xuño de 2020.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2020.

3.Toma de coñecemento do decreto de Alcaldía sobre a aprobación do marco orzamentario a medio prazo 2021-2023.

4.- Aprobación, se procede, do Plan Económico Financeiro 2020-2021 do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo dependente (FPSDM).

5.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo voceiro do grupo político municipal de Ciudadanos, sobre a defensa do acceso ao recurso mexilla do sector mexiloeiro.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada pola voceira do grupo político municipal de Marea da Vila, sobre a derogación da coñecida como Lei Montoro e de aplicación de medidas urxentes en materia de Réxime Local.

8. Aprobación, se procede, da Moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.

9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

**A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>**

## **1.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 28 DE MAIO E 15 DE XUÑO DE 2020.-**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das citadas actas:

ACTA de 28 DE MAIO

ACTA de 15 DE XUÑO

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21), as actas das sesións anteriores de datas 28 de maio e 15 de xuño de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2020:** Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

#### Nº DESCRICIÓN

2 Orde de Pago de facturas

1 Recoñecemento de obriga

3 Concesión de licenza para acometida de auga e/ou saneamento

2 Autorización para realización de sondaxes

47 Comunicación previa

1 Alta no rexistro de animais potencialmente perigosos

1 Autorización para actividade

1 Bonificación IBI

3 Compensación de débedas

7 Compensación de IVTM

3 Deber de conservación de edificacións

1 Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo

2 Expediente de Modificación de crédito por transferencia de crédito

1 Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en festivo

14 Concesión de licenza de obra menor

1 Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna

1 Normalización de fincas

12 Ocupación de vía pública

1 Pago Sanitas Mes de Maio

4 Ordes de pago

1 Prorratio recibo IAE

2 Proxecto de execución

1 Pagamento do Plan de Pensións

5 Reposición da legalidade urbanística

1 Aprobación do marco orzamentario

1 Resolución terrazas COVID 19

2 Segregación de fincas

- 1 Substitución posto de categoría superior policía local
- 1 Pago comisións bancarias
- 2 Pago préstamos bancarios
- 4 Aprobación de pregos para licitación
- 1 Solicitude vao permanente

TOTAL: 130

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3 TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2021-2023.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 29 da LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, así como nos artigos 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información reguladas na LO2/2012.

De conformidade coas facultades que en materia de gastos, me confire a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, RDL 2/2004 de 5 de marzo e Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en canto a competencia para a formación e elaboración dos orzamentos municipais, e de conformidade coa base 54ª das Bases de Execución do Presuposto.

Visto o informe de intervención onde se fiscaliza de conformidade o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra de gasto e de débeda para o marco orzamentario consolidado 2021-2023 do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo a Fundación de Deportes.

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte marco orzamentario consolidado a medio prazo 2021-2023, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais do Concello de Vilagarcía de Arousa para dito período, e a través dos cales se garante unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de débeda pública e estabilidade orzamentaria, así como o cumprimento da regra do gasto, co seguinte desglose para gastos e ingresos:

**INGRESOS**

INGRESOS	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023
Ingresos correntes	27.739.436,04	27.941.280,08	28.104.524,93
Ingresos de capital	18.000,00	18.000,00	18.000,00
Ingresos non nanceiros	27.757.436,04	27.959.280,08	28.122.524,93
Ingresos financeiros	1.080.000,00	150.000,00	150.000,00
Ingresos totais	28.837.436,04	28.109.280,08	28.272.524,93

**GASTOS:**

GASTOS	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023
Gastos correntes	26.728.814,86 €	27.081.119,23	26.991.095,23
Gastos de capital	1.197.728,83 €	376.588,49	688.303,41
Gastos non financeiros	27.926.543,69 €	27.457.707,72 €	27.679.398,64 €
Gastos financeiros	910.892,35 €	651.572,36	593.126,28
Gastos totais	28.837.436,04 €	28.109.280,08 €	28.272.524,92 €

SEGUNDO: Dar traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dentro do prazo legalmente establecido.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE:

A SECRETARIA XERAL.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2020-2021 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E O SEU ORGANISMO AUTÓNOMO DEPENDENTE (FPSDM).** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Na Liquidación do exercicio 2019, aprobada mediante Decreto de Alcaldía de 24 de abril de 2020, resultou constatado o incumprimento da Regra de Gasto en termos consolidados para o Concello de Vilagarcía de Arousa e para o organismo autónomo dependentes a Fundación de Servizos Públicos Deportivos.

Visto que de conformidade co disposto no informe da Intervención Municipal á Liquidación, o incumprimento da Regra de Gasto fai preciso a elaboración, aprobación e posta en marcha dun Plan Económico-financieiro (PEF), que permita e garanta o cumprimento da Regra de Gasto para un escenario temporal que abrangue o exercicio no que se constate o incumprimento e o seguinte a aquel

Visto o Plan Económico Financeiro 2020-2021 que se achega coa presente proposta, confeccionado pola Intervención municipal e subscrito por esta alcaldía.

Considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolve a obriga de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e que permitirá acadar o cumprimento da regra de gastos así como os demais obxectivos fiscais para o período 2020-2021.

Visto que a competencia para a aprobación do PEF corresponde ao Pleno da Corporación,

propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo, que consiste na reformulación da operación de crédito a longo prazo proxectada no orzamento 2020 para o financiamento do capítulo 6 nos orzamentos 2020 e 2021 (2020: 729.470 €) e 2021: 970.530 €) e FPSDM: 68.214,11 €) DE MINORACIÓN NOS EJERCICIOS 2020 E 2021..

SEGUNDO. Remitir o PEF o Ministerio de Facenda para a súa aprobación e publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan Económico-financeiro.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, unha vez resulte aprobado o PEF polo Ministerio de Facenda, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Así mesmo, unha copia do Plan acharase a disposición do público dende a súa aprobación até a finalización da súa vixencia, na sede electrónica desta Entidade Local.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo.: Alberto Varela Paz

Sinatura dixital

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan Económico financeiro 2020-2021 do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo Dependente (FPSDM).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 17 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo, que consiste na reformulación da operación de crédito a longo prazo proxectada no orzamento 2020 para o financiamento do capítulo 6 nos orzamentos 2020 e 2021 (2020: 729.470 €) e 2021: 970.530 €) e FPSDM: 68.214,11 €) DE MINORACIÓN NOS EJERCICIOS 2020 E 2021..

SEGUNDO. Remitir o PEF o Ministerio de Facenda para a súa aprobación e publicación no seu portal web, segundo corresponda, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do Plan Económico-financeiro.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, unha vez resulte aprobado o PEF polo Ministerio

de Facenda, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Así mesmo, unha copia do Plan acharase a disposición do público dende a súa aprobación até a finalización da súa vixencia, na sede electrónica desta Entidade Local.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

Plataforma en Defensa da Cría en relación coa moción presentada polo Grupo Municipal de Cidadáns para a defensa do acceso ó recurso Mexilla do Sector Mexiloeiro.

Intervén un representante da Plataforma en Defensa da Cría.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS, SOBRE A DEFENSA DO ACCESO AO RECURSO MEXILLA DO SECTOR MEXILOEIRO:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos presentada coa data de 17 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local

de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN :

#### PARA A DEFENSA DO ACCESO Ó RECURSO MEXILLA DO SECTOR MEXILOEIRO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mexilla, ou semente do mexilón é un recurso imprescindible para a produción do recoñecido Mexilón Galego. Sen ela sería inviable un negocio que ten 70 anos de historia e que xera uns 20.000 postos de traballo en toda a comunidade galega. No noso municipio temos a rada de Vilaxoán cunha frota de 20 barcos que empregan directamente a unhas 60 persoas, ademais de cocedeiros de mexilón, conserveiras, depuradoras Aistohai... que engadirlle tódalas empresas auxiliares de subministracións, estaleiros, fabricación e reparación de bateas... Estamos a falar da nosa ría e por suposto tamén, na do noso municipio.

Hai dúas formas de acceder á mexilla: obtela nas rochas da costa ou a través de colectores que son cordas que se colgan das bateas que a captan no propio mar.

Estímase que un 66% das bateas non teñen a capacidade de captación de semente pola súa localización e precisan de acudir ás rochas a recoller a semente, despois de que o desove do mexilón das propias bateas saia das Rías e se fixe nelas.

Outro porcentaxe de viveiros captan parte da cría necesaria con colectores tendo que colleitar o resto na costa.

Un porcentaxe máis pequeno é capaz de autoabastecerse tan só cos colectores, sen necesidade de ir ás rochas.

Para facer esta recolleita de semente, o sector bateeiro conta cunhas guías emitidas pola Consellería en base á Orden do 26 de Outubro de 2000 que a regula e da dereito a traballar salvo excepcións en toda a costa das provincias de A Coruña e Pontevedra. Na mesma Orde se recolle no artigo 4 que o período de extracción é o comprendido entre o 1 de decembro función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguemento e avaliación dos recursos o aconselle”, a delegación territorial poderá conceder prórrogas nos períodos de extracción.

Nas últimas campañas de recollida de mexilla vense observando unha diminución preocupante do recurso, algo que xa se constatou con anterioridade en outros países produtores coma Chile. Isto fai que o sector teña que acudir a calquer recuncho autorizado por lei da costa para abastecer ás bateas. Sen embargo, no seu traballo legalmente autorizado veñen sufrindo de violencia contra os seus vehículos, aparellos, e a ser increpados e ameazados polos percebeiros ó longo de toda a costa, impedíndolles traballar ante a pasividade da Consellería de Mar.

As Confrarías da Costa, nas que se integran as Agrupacións de Percebeiros, pretenden explotar en exclusiva un recurso que non ten valor para o consumidor como é a mexilla, e o seu único cliente pode ser o sector bateeiro. En marzo de 2019, 7 pósitos da costa reclamaban a xestión da extracción da mexilla, sendo xa 20 as Confrarías que o pedían en agosto dese mesmo ano, algo que serve de preludeo ante o que está a ocorrer.

Pero o que máis preocupa ó sector bateeiro é a aprobación do Decreto 153/2019 de novembro, por canto expón no seu artigo 13 que se refire ós plans de explotación do percebe, i en concreto no seu apartado 2, que dí textualmente “Los planes de gestión de per semilla de mejillón.”

Isto reflicte, unha vez máis, a intención de explotar en exclusiva unha especie allea ó propio recurso do percebe, tratándose dunha intromisión no proceso productivo do sector mexiloeiro coa colaboración da Consellería. É algo que pode alentar prácticas monopolísticas influíndo no prezo e nos períodos óptimos de extracción, facendo ademais inviables a moitas pequenas

empresas miticultoras que terían que comprar un recurso ó que puideron acceder sempre dende fai máis de 70 anos.

#### PROPOSTA DE ACORDO

Que dende o Concello de Vilagarcía se inste á Xunta de Galicia a:

- 1.- investigar as causas da pouca fixación de mexilla que se observa nos últimos anos
  - 2.- Aumentar permanentemente o número de colectores que se poden poñer por batea, pasando de 100 a o que faría que moitos produtores se poidan autoabastecer sen ter que ir ás pedras.
  - 3.- Que se respecte a autorización de recolleita de mexilla na costa que figura nas guías de extracción e na normativa, sen excepción.
  - 4.- Que se establezan controis para comprobar que os bateeiros non extraen percebe durante a súa actividade, e que destes se encargue personal alleo ás Confrarías.
  - 5.- Que as prórrogas para a extracción de mexilla, tal e como establece a Orde do ano 2000, se deban a factores conxunturais da campaña, cando o seguemento e avaliación dos recursos o aconselle, e NUNCA sirva como factor negociador con terceiros.
  - 6.- Derogación inmediata do Decreto 153/2019 do 21 de novembro de Galicia, que abre a posibilidade da xestión en exclusiva por parte de las Confrarías do recurso da mexilla, necesario para a produción do mexilón.
  - 7.- Prohibir a venda en lonxa de mexilla por parte das Confrarías, xa que se trata dun recurso que ten como únicos destinatarios ós produtores de mexilón, sen valor comercial para o consumidor.
- En Vilagarcía de Arousa a 17 de xuño de 2020.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos sobre a defensa do acceso ao recurso mexilla do sector mexiloeiro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 14 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 5 abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4) e BNG (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos e instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- investigar as causas da pouca fixación de mexilla que se observa nos últimos anos
- 2.- Aumentar permanentemente o número de colectores que se poden poñer por batea, pasando de 100 a o que faría que moitos produtores se poidan autoabastecer sen ter que ir ás pedras.
- 3.- Que se respecte a autorización de recolleita de mexilla na costa que figura nas guías de extracción e na normativa, sen excepción.
- 4.- Que se establezan controis para comprobar que os bateeiros non extraen percebe durante a súa actividade, e que destes se encargue personal alleo ás Confrarías.



5.- Que as prórrogas para a extracción de mexilla, tal e como establece a Orde do ano 2000, se deban a factores conxunturáis da campaña, cando o seguemento e avaliación dos recursos o aconselle, e NUNCA sirva como factor negociador con terceiros.

6.- Derogación inmediata do Decreto 153/2019 do 21 de novembro de Galicia, que abre a posibilidade da xestión en exclusiva por parte de las Confrarías do recurso da mexilla, necesario para a produción do mexilón.

7.- Prohibir a venda en lonxa de mexilla por parte das Confrarías, xa que se trata dun recurso que ten como únicos destinatarios ós produtores de mexilón, sen valor comercial para o consumidor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, SOBRE A DERROGACIÓN DA COÑECIDA COMO LEI MONTORO E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RÉXIME LOCAL.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila coa data de 9 de xuño de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

**MOCIÓN DE APOIO Á DERROGACIÓN DA COÑECIDA COMO LEI MONTORO E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RÉXIME LOCAL**

Os entes locais teñen sufrido as políticas de austeridade e de recortes por parte do goberno central do PP dende fai tempo. A modificación do artigo 135 da CE no ano 2011 foi o punto de partida e o marco normativo que acolleu a mal denominada “estabilidade orzamentaria”, que se desenvolveu coa Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e que chegou ao seu máximo apoxeo coa Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coñecida como Lei Montoro.

Pero esta Lei Montoro, como outras varias que naceron a raíz de crear ferramentas adecuadas para que os gobernos locais puidesen asegurar o cumprimento do novo artigo 135 da CE, só buscaba un único fin: recortar servizo público.

A Lei Montoro non deixa de ser un instrumento que afoga administrativa e economicamente aos entes locais e pese a que algúns dos seus artigos foron suspendidos polo Tribunal Constitucional tras moitos recursos, a lei segue exercendo un efecto nocivo e lesivo contra as Administracións Locais, e por extensión, contra veciños e veciñas das nosas vilas e cidades.

Presuntamente, o obxectivo da Lei 27/2013 era axustar o funcionamento das Administracións Locais á conxuntura económica baixo o pretexto do malgasto, o solapamento de competencias e o incumprimento financeiro; con todo, os efectos que en realidade produciu foron unha diminución importante nos servizos públicos prestados polos entes locais, un incremento das privatizacións co seu consecuente aumento de custos para a administración e unha redución nas

competencias municipais.

Neste sentido, a lei introduciu cambios substanciais no funcionamento das Comunidades Autónomas e, sobre todo, nos concellos amputando garantías democráticas, de representación e participación cidadá, recortando servizos sociais que se prestaban nos concellos de xeito satisfactorio, e, en consecuencia, atentando contra o ámbito competencial das CC.AA. e dos entes locais, como mesmo chegou a declarar o propio Tribunal Constitucional.

E con este panorama chegamos á situación actual. Situación agravada polo estado de alerta sanitaria que vivimos dende o 14 de marzo.

Pese a que o R.D. Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 recollía no artigo 3 que o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e de aplicación no 2020 do orzamento fose para políticas sociais recollidas no anexo I da orde EHA/3565/2008, resulta que a Lei Montoro limitaba esta dotación e que os concellos puidesen actuar de xeito libre.

O propio artigo recolle que este superávit se podería utilizar para fins sociais, previa aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Esta limitación que implica seguir mantendo a Lei Montoro e outras similares, deixa atadas de mans a edís e alcaldes e alcaldesas dos gobernos municipais, impotentes ante unha lei estatal inxusta, que non lles permite facer o seu traballo: dar servizos e atender as necesidades da veciñanza das súas vilas e cidades.

Pese a que moitos concellos teñen superávit, este vese limitado ao 20% para investir en liñas de axudas de carácter social e económicas motivadas pola COVID-19.

Cumpre pois nestes momentos tan complicados e críticos, dotar de certo criterio independente e sobre todo de autoxestión e racionalización interna aos concellos, modificando certos puntos da LrBRL así como derogar as distintas leis que van en contra de esa autonomía impositiva que se dá dende outras administracións superiores e que nestes momentos son un agravio para moitas veciños e veciñas de moitos concellos, a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, entre outras.

Polo exposto o grupo municipal de Marea da Vila propón a este Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, os seguintes ACORDOS:

- 1.- Solicitar por parte de este Concello a derogación e modificación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (Lei Montoro) e a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- 2.- Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios a buscar e facilitar medidas e ferramentas suplementarias ao Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de facendas Locais e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións para poder desenvolver liñas económicas de axudas para actuacións sociais sobrevidas pola COVID-19.
- 3.- Dar traslado de este acordo ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso d@s Diputad@s.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes dos grupos municipais de Marea da Vila e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Ciudadanosdin

que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre derogación da coñecida como Lei Montoro e de aplicación de medidas urxentes en materia de Réxime Local.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do, PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e 4 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila e:

1.- Solicitar por parte de este Concello a derogación e modificación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (Lei Montoro) e a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

2.- Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios a buscar e facilitar medidas e ferramentas suplementarias ao Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de facendas Locais e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións para poder desenvolver liñas económicas de axudas para actuacións sociais sobrevidas pola COVID-19.

3.- Dar traslado de este acordo ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso d@s Diputad@s.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 16 de xuño de 2020, do seguinte teor:

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA**

O Grupo Municipal Popular no concello de Vilagarcía de Arousa de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desafortunadamente, cumpríronse os peores prognósticos e, neste momento, a factoría de Alcoa en San Cibrao enfróntase á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio primario, unha materia básica e esencial para a nosa economía, especialmente para sectores moi importantes

como a construción, a automoción ou as TIC, por citar algúns exemplos.

Con todo, a peor das noticias é que esta decisión anunciada pola multinacional pode supoñer a perda de 700 empregos entre directos e indirectos, afectando á todas as familias que viven desta industria, especialmente na Mariña Lucense.

Esta situación prodúcese porque non dispoñemos dun prezo eléctrico competitivo co resto de Estados europeos. O Goberno de España, que ten a competencia sobre a lei do sector eléctrico, leva 19 meses sen atender ao que lle dicimos desde Galicia: aprobación inmediata dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que teña en conta as alegacións feitas pola Xunta, en consenso coa industria e cos traballadores afectados. Unhas alegacións que comparten os Gobernos de Asturias e Cantabria.

Polo tanto, non hai máis tempo que perder e o Goberno central debe asumir como máxima prioridade a aprobación urxente dos mecanismos que permitan contar cun prezo eléctrico competitivo e estable para a factoría de Alcoa San Cibrao e o conxunto da industria electrointensiva galega para que poidan operar en igualdade de condicións co resto de Europa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
- Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electrointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
- Convocar urxentemente a poxa de interrompibilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electrointensivas.
- Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de CO<sub>2</sub>.
- Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de xuño de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 5 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4) e Ciudadanos (1), 3 abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e 11 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría, rexeitar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido ás normas de distancia social polo COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200625&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.